

**Bolsas para a ampliación
e perfeccionamento de estudos
audiovisuais para o ano 2004**

Resolución do 7 de xuño de 2004 do xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia, pola que se convocan, dentro do Plan de Formación do Consorcio Audiovisual de Galicia, bolsas para a ampliación e perfeccionamento de estudos audiovisuais para o ano 2004.

O Consorcio Audiovisual de Galicia, no exercicio das súas finalidades específicas, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, e no artigo 2 dos seus estatutos, considera oportuno establecer unha política de fomento da formación para profesionalizar o sector audiovisual galego a través da capitalización dos seus recursos humanos, actuación encadrable no ámbito das súas finalidades, mediante a concesión de bolsas formativas para a ampliación e perfeccionamento de estudos audiovisuais.

No exercicio da delegación expresa, concedida polo presidente do Consorcio Audiovisual de Galicia na reunión do Consello de Dirección, celebrada o 21 de novembro de 2002;

RESOLVE

Establecer as bases da convocatoria de bolsas formativas dentro do Plan de Formación do Consorcio Audiovisual de Galicia.

BASES

1 Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a profesionalización do sector audiovisual galego, a través da concesión de bolsas de estudo para a ampliación ou perfeccionamento no campo audiovisual, tanto a nivel nacional coma internacional.

2 Presuposto

A contía destinada polo Consorcio Audiovisual de Galicia a esta convocatoria financiarase con cargo ao seu capítulo IV de gastos, relativo ao exercicio 2004, e establécese en 24.000 €.

3 Características das axudas

Estas axudas están dedicadas á realización de cursos audiovisuais de formación e perfeccionamento en centros de estudo de recoñecido prestixio, tanto nacionais como internacionais. Quedan excluídos destas axudas todos aqueles estudos universitarios destinados á obtención dunha licenciatura, diplomatura ou título de doutoramento. Non se poderá conceder máis dunha axuda por solicitante.

4 Requisitos dos solicitantes

Poderán acollerse a este programa de bolsas as persoas físicas con residencia administrativa en Galicia que presenten un proxecto de estudos que sexa de especial interese no campo audiovisual.

5 Órgano de xestión

Corresponderalle ao Consorcio Audiovisual de Galicia a selección dos beneficiarios que se incorporarán ao programa de bolsas da presente convocatoria.

6 Presentación de solicitudes

1. As solicitudes formalizaranse nos modelos de instancia que figuran como anexos, xunto coa seguinte documentación:
 - Copia do DNI e certificado de empadramento.
 - Fotografía tamaño carné do solicitante.
 - Certificación académica completa ou copia compulsada desta na que se fará constar a nota media do expediente académico.
 - Curriculum do solicitante, con acreditación documental académica e profesional, que inclúa todos os datos sobre os cursos, xornadas, proxectos, etc., realizados. No caso de que a solicitude sexa para o estranxeiro, o solicitante deberá xustificar os idiomas que domina e seu respectivo nivel de coñecemento.
 - Memoria da actividade formativa para a que se solicita a axuda, que inclúa:
 1. Programa detallado do curso.
 2. Lugar onde se realizará e duración.
 3. Datas de inicio e finalización das actividades.
 4. Documento de aceptación para facer eses estudos por parte do responsable do centro ou organización.
 5. Razóns polas que está interesado en realizar a actividade formativa para a que solicita a bolsa.
 - En caso de estar traballando para algunha empresa no momento de formalizar a inscrición, deberán indicarse os datos da mesma.
 - Memoria económica (Anexo II).
 - Declaración de axudas que solicitase co mesmo fin a outras institucións e organismos e aquelas que, no seu caso, lle fosen concedidas para a mesma finalidade (Anexo III).

As solicitudes dirixiranse ao xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia e presentaranse na sede do Consorcio, sita na rúa do Hórreo, 61-1º, 15702 - Santiago de Compostela. Tamén se poderán remitir por correo certificado.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais a contar dende o día de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.
3. Non se tomarán en consideración aquelas solicitudes que non acheguen a documentación establecida no apartado 1 deste punto.
4. Se despois de analizada a solicitude e a documentación que hai que acompañar se observa a existencia de defectos, comunicáraselle ao solicitante e concederáselle un prazo de dez días para a súa emenda, polos mesmos medios que os sinalados no apartado 1 deste punto. No caso de non emendar o defecto ou de facelo de modo inadecuado, entenderase que desiste da solicitude formulada.

7 Comisión de Selección

1. A selección farase en función do curriculum do solicitante, valorado até o momento de presentación de solicitudes, de acordo cos seguintes criterios:
 - Interese da actividade proposta.
 - Adecuación ás necesidades profesionais do sector.
 - Traxectoria académica e/ou profesional do solicitante.
 - Recoñecemento tanto nacional como internacional do centro no que se realizará a actividade formativa.
 - Memoria do solicitante.
2. O número de bolsas que se concedan, até o límite orzamentario establecido, repartirase entre as solicitudes presentadas e clasificadas segundo o indicado no punto anterior, así mesmo, dende o Consorcio buscarase a diversificación dos estudos e bolsas concedidas para a súa realización, prestando especial atención a aquelas actividades que pola súa novidade, interese estratéxico, etc. se considere que repercutirán máis positivamente no conxunto do audiovisual galego.
3. As solicitudes presentadas serán avaliadas por unha Comisión de Selección que estará integrada por:
 - Presidente: xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia.
 - Vocais:
 - 1 vocal en representación do Centro Galego de Artes da Imaxe.
 - 2 vocais nomeados entre expertos do sector audiovisual.
 - Secretario: actuará como secretario da Comisión, con voz e voto, o secretario do Consorcio Audiovisual de Galicia.

4. Os membros da Comisión de Selección non poderán ter ningunha participación persoal nin profesional, nin relación empresarial ningunha cos solicitantes das bolsas.

8 Resolución

1. Á vista da proposta formulada pola Comisión de Selección, o xerente dictará resolución na que estableza os beneficiarios das bolsas de formación, identificando a actividade formativa para a que se concede a bolsa. Esta resolución háselle notificar aos interesados.
2. A resolución dictarase no prazo máximo de 3 meses, computables dende o día da data de finalización de presentación de solicitudes.
3. Transcorrido este prazo sen que se notifique resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

9 Obrigas dos beneficiarios

1. Asistir ás actividades formativas para as que recibiron a bolsa, debendo achegar un certificado de asistencia expedido polo responsable da organización.
2. De elaborar algún traballo público froito da bolsa, deberá constar a colaboración do Consorcio Audiovisual de Galicia.
3. Levar a cabo a actividade de acordo co programa presentado e sen interrupción durante o tempo íntegro para o que foi concedida a bolsa.
4. Notificarlle por escrito ao Consorcio calquera cambio no proxecto ou calendario presentado. A modificación considerase aceptada se o Consorcio non se manifesta en sentido contrario no prazo de 15 días, contado a partir da recepción da comunicación.
5. Someterse ás accións de comprobación e control financeiro en relación coa axuda concedida.

10 Xustificación das axudas

No prazo máximo dun mes dende a finalización da actividade formativa, e sempre antes do 31 de decembro de 2004, deberase achegar a seguinte documentación:

1. Memoria descritiva, cunha extensión mínima de 10 follas, sobre os coñecementos adquiridos e a valoración global da formación recibida.
2. Acreditación do pago da matrícula do curso solicitado.
3. Declaración actualizada sobre axudas solicitadas, percibidas ou concedidas pendentes por outras administracións ou institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade, xustificando documentalmente a contía das mesmas, ou ben declaración de que a información facilitada ao respecto na solicitude non sufriu variacións dende a data de presentación.

No caso de que a 31 de decembro de 2004 aínda se estivese desenvolvendo a actividade formativa presentaríase toda a documentación agás a solicitada no punto 10.1 que se deberá presentar no prazo dun mes dende a finalización da actividade.

11 Pago

Realizaranse dous pagos polo importe total da bolsa.

- 60% unha vez que o beneficiario presente a inscrición na actividade formativa da que resultou bolseiro.
- 40% á entrega da documentación solicitada no apartado 10.

12 Revocación

O Consorcio Audiovisual de Galicia poderá proceder a revocar a concesión da bolsa por:

- Incumprimento polo bolseiro da obriga de xustificación ou das restantes obrigas previstas nas bases.
- Incumprimento da finalidade para a que se concedeu a bolsa.
- A non aceptación por parte do Consorcio dos cambios mencionados por modificación da actividade inicial.

13 Compatibilidade das axudas

A obtención concurrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de maneira illada e/ou en concurrencia con outras axudas, supere o custo da actividade formativa a desenvolver polo beneficiario.

Santiago de Compostela, a 7 de xuño de 2004

O xerente
Ignacio Varela Ramos

Anexo I

Solicitud para a concesión dunha bolsa formativa

DATOS DA PERSOA FÍSICA

Nome

Apelidos

Enderezo

Código postal

Localidade

Teléfono

Fax

Correo electrónico

1. ESTUDOS REALIZADOS

2. IDIOMAS

INGLÉS	NIVEL ALTO	NIVEL MEDIO	NIVEL BAIXO
FRANCÉS	NIVEL ALTO	NIVEL MEDIO	NIVEL BAIXO
ALEMÁN	NIVEL ALTO	NIVEL MEDIO	NIVEL BAIXO
PORTUGUÉS	NIVEL ALTO	NIVEL MEDIO	NIVEL BAIXO
OUTROS:			

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:

Copia do DNI.

Certificado de empadramento.

Fotografía.

Curriculum Vitae.

Expediente académico.

Memoria.

Datos da empresa na que traballa.

En _____, a _____ de _____ de 2004

Asinado:

Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia

Anexo II

Memoria Económica

CONCEPTO	DETALLE	IMPORTE
----------	---------	---------

Matrícula

Viaxes

Aloxamento

Manutención

Material didáctico

Transporte urbano

Outros (precisar)

Total gastos

En _____, a _____ de _____ de 2004

Asinado:

Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia

Anexo III

Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade nas distintas administracións públicas competentes

D./Dona _____, con DNI _____ solicitante dunha bolsa formativa para a ampliación e perfeccionamento de estudos audiovisuais para o 2004, ao abeiro da presente convocatoria, declara que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e que lle/s foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		CONTÍA
	SOLICITUDE	CONCESIÓN	

Non ter solicitado nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

En _____, a _____ de _____ de 2004

Asinado:

Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia